



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.**

**Expte: 2025/G007/000021**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e vinte minutos do día 25 de xuño de dous mil vinte e cinco, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 364 de data 23 de xuño/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas don Benito Manuel Vega Fernández.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 17.06.2025 (ORDINARIA).-**

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 17.06.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

#### **A.- Licenza de edificación.-**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.**

**Expte: 126/2025 Tedec 2025/U026/000117**

**.- Expte. de obras 126/2025.- [REDACTED] solicita licenza para as obras de legalización de porche anexo a vivenda unifamiliar nunha parcela situada no Lugar de Fradigas, parroquia de Pantin, referencia catastral nº 15088A0440003700000HL.**

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto de legalización de porche anexo a vivanda unifamiliar tradicional asinado pola arquitecta Patricia Figueira Fornos.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto técnico municipal con data 20/06/2025 que se emite en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] **licenza para as obras de legalización de porche anexo a vivanda unifamiliar** nunha parcela situada no **Lugar de Fradigas, parroquia de Pantín, referencia catastral nº 15088A0440003700000HL**.

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Patricia Figueira Fornose **ás condicións xerais** apartados primeiro e terceiro **senaladas no informe do arquitecto municipal** de data 20 de xuño de 2025, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 36,50 € ICIO.- 167,90 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que será de 12 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/U026/000117).

#### **B.- Licenza de edificación.-**

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.**

**Expte: 270/2023 Tedec 2023/U022/000017**

.- Expte. de obras 270/2023.- [REDACTED] representado por [REDACTED] solicita licenza para as obras de legalización e rehabilitación de vivenda unifamiliar aillada nunha parcela situada na Avda. Ferrol, 49, parroquia de Valdoviño (referencia catastral nº 9100103NJ6290S0001EG).

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto básico de obras de legalización e rehabilitación de vivenda unifamiliar illada achegado o 17/10/2023 e redactado polo arquitecto Ramón Montero Cereijo.
- Proxecto básico modificado de obras de legalización e rehabilitación de vivenda unifamiliar illada achegado o 06/02/2023 e redactado por mesmo o arquitecto. Substitúe ao anterior .
- Proxecto de execución de obras de legalización e rehabilitación de vivenda unifamiliar illada redactado polo mesmo o arquitecto, achegado o 06/02/2023 e visado o 30/01/2025.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Ramón Montero Cereijo achegado o 17/10/2023 e Oficio de Dirección de execución da obra de arquitecto técnico e Coordinador de seguridade e saúde a nome de Javier Castro Rodríguez, visado polo correspondente colexio o 12/06/2025 e achegado o 13/06/2025.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO URBANO. ZONA RESIDENCIAL EXTENSIVA. VIVENDA UNIFAMILIAR E ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES.**

Segundo o proxecto presentado, a vivenda que se pretende legalizar e rehabilitar sitúase na zona da parcela clasificada como **SOLO URBANO. ZONA RESIDENCIAL EXTENSIVA. VIVENDA UNIFAMILIAR.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal con data 19/06/2025 que se emite en sentido **FAVORABLE.**

E visto informe xurídico do secretario municipal con data 19/06/2025 en sentido **FAVORABLE**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] licenza para as obras de legalización e rehabilitación de vivenda unifamiliar aillada nunha parcela situada na Avda. Ferrol, 49, parroquia de Valdoviño (referencia catastral nº 9100103NJ6290S0001EG).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ramón Montero Cereijo, ás condicións xerais e as sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 19 de xuño de 2025, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 688,88 € ICIO.- 3.168,85 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2023/U022/000017).**

### **3º.-ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/*